

XXXVIII RALLYE SAN FROILAN

21-22 OUTUBRO 2016

Concello de Begonte

Concello de Láncara

Concello de Pol

Concello de Outeiro de Rei

DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

Deportes

Concello de Lugo
Concellería de Deportes

INDICE

DOCUMENTACIÓN F.G.A. E CERTIFICADOS SEGURO

TITULO I.....: *PROGRAMA HORARIO*

TITULO II ...: *ORGANIZACION*

Art. 1 Organización

TITULO III ...: *MODALIDADES XERAIS*

Art. 2 Puntuabilidade

Art. 3 Descrición

Art. 4 Vehículos Admitidos

Art. 5 Concursantes Admitidos

Art. 6 Solicitud de Inscripción - Inscricións

Art. 7 Dereito de Inscripción – Seguros

TITULO IV ...: *OBLIGACIÓNS XERAIS*

Art. 8 Publicidade

TITULO V: *DESENROLO DA PROBA*

Art. 9 Recoñecementos

Art. 10 Hora Oficial do Rallye

Art. 11 Penalizacións

Art. 12 Premios

Art. 13 Servizo de grúas

Art. 14 Ouvreurs

PROGRAMA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

ANEXO I	LICENCIAS VÁLIDAS PARA A TEMPADA 2016 (ANUARIO F.G.A.)
ANEXO II	LIBRO DE RUTA (ROAD BOOK STANDARD)
ANEXO III ...:	TERMINOLOXÍA
ANEXO IV ...:	ENCARGADO DAS RELACIONS COS CONCURSANTES
ANEXO V ...:	ORGANIZACIÓN XERAL DA SEGURIDADE
ANEXO VI ...:	PARQUES PECHADOS, DE TRABAJO E ASISTENCIAS
ANEXO VII ...:	CARAVANA RALLYES
ANEXO VIII ...:	PALMARÉS
ANEXO IX ...:	ITINERARIO – HORARIO
ANEXO X ...:	PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DOS EQUIPOS MÉDICOS

1 - Programa horario

DATA	HORA	ACTO A REALIZAR	LUGAR
23/09/2016	10.00	Apertura de inscricións (pilotos inscritos Campionato Galego).	ESCUDERÍA MIÑO - LUGO C/ Divina Pastora, 2 Baixo. 27004 LUGO
26/9/2016	10.00	Apertura de inscricións (resto de pilotos).	
13/10/2016	20.00	PECHE DE INSCRIPCIONS	
14/10/2016	08:00 - 20.00	DISTRIBUCIÓN LIBRO DE RUTA	
14/10/2016	08:00 - 20.00	1º DIA Recoñecementos oficiais	TRAMOS RALLYE
15/10/2016	08:00 - 20.00	2º DIA Recoñecementos oficiais	
16/10/2016	08:00 - 20.00	3º DIA Recoñecementos oficiais	
18/10/2016	09.00	PUBLICACIÓN LISTA DE INSCRITOS	ESCUDERÍA MIÑO - LUGO
21/10/2016	16:00 - 19:00	VERIFICACIONES ADMINISTRATIVAS	OFICINA CM3 AS TERMAS
	16:00 - 17:00	Números 150 a 101	
	17:00 - 18:00	Números 100 a 50	
	18:00 - 19:00	Números 49 a 1	
21/10/2016	16:30 - 20:30	VERIFICACIONES TECNICAS	PARKING CM3 AS TERMAS
	16:30 - 17:30	Números 116 a 150	
	17:30 - 18:30	Números 77 a 115	
	18:30 - 19:30	Números 39 a 76	
	19:30 - 20:30	Números 1 a 38	
	18:30 - 19:30	PRECINTAXE DE TURBOS	
	22:00	Hora límite presentación vehículos no parque pechado.	Parque Pechado CC. AS TERMAS
	23:00	Publicación lista autorizados a toma- la saída.	Taboleiro oficial
22/10/2016	08:00	Saída 1 ^{er} participante, 1ª ETAPA - 1ª SECCION	Parque Pechado
	09:35	Chegada 1 ^{er} participante 1ª ETAPA - 1ª SECCION	PARQUE REAGRUPAMENTO POL. IND. OUTEIRO DE REI
	09:50	Saída 1 ^{er} participante 1ª ETAPA - 2ª SECCION	Parque Pechado CC. AS TERMAS
	12:50	Chegada 1 ^{er} participante 1ª ETAPA - 2ª SECCION	
	13:35	Saída 1 ^{er} participante, 1ª ETAPA - 3ª SECCION	PARQUE REAGRUPAMENTO POL. IND. OUTEIRO DE REI
	18:48	Chegada 1 ^{er} participante 1ª ETAPA - 3ª SECCION	
	18:58	Saída 1 ^{er} participante 1ª ETAPA - 4ª SECCION	Parque Pechado CC. AS TERMAS
	22:21	Chegada 1 ^{er} participante 1ª ETAPA - 4ª SECCION	
23/10/2016	23:30	PUBLICACIÓN RESULTADOS	Taboleiro oficial
	12:30	ENTREGA DE TROFEOS	CM3 AS TERMAS

Os participantes que se presenten á Verificación despois da súa hora fixada, imporáse unha **sanción de 30€ por cada hora ou fracción de retraso.**

Unha vez realizadas as verificacións técnicas, os participantes quedan **obrigados a comparecer no Parque Pechado**, onde permanecerán ata a saída da 1ª etapa, sendo a **hora límite de entrada a dito parque pechado ás 23:00 horas**, podendo ser, a xuízo dos Comisarios Deportivos, motivo de **exclusión** de non cumprirse o horario establecido.

Levantamento vehículos do parque pechado. Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques pechados, sen ter que esperar ás entregas de premios-

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Dende o día 23 de setembro de 2016 as 16 horas, ata o día 21 de outubro de 2016 as 15 horas estará situado na Oficina Permanente do Rallye, emprazada en: **C/ Divina Pastora, 2 Baixo. 27004 LUGO.**

Dende o día 21 de outubro de 2016 as 15,00 horas, ata o día 22 de outubro de 2016 as 01,00 horas estará situado na Oficina Permanente do Rallye, emprazada en HOTEL LOS OLMOS.

2 – Organización

art. 1.- Organización

Artigo 1.1.- Definición:

A **Escudería Miño - Lugo** organiza o **38º Rallye San Froilán** que se desenvolverá os días **21, 22 e 23 de outubro do ano 2016**. Este Rallye disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2016, as prescricións comúns para Rallyes, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, as condicións de organización comúns ós Campionatos do Mundo, de Europa e de España de Rallyes e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobado pola Federación Galega de Automobilismo o día 13 de setembro de 2016.

A Proba ten o **Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo nº: GA-046-RA.**

1.2 COMITÉ DE ORGANIZACIÓN

Presidente:	D. Carlos Iñiguez Álvarez
Vogais:	D ^a . Maite Vilanova López D. Israel Arias González
Secretario:	D ^a . Guiomar Iñiguez Abeledo

Dirección secretaría comité:

Escudería Miño Lugo
C/ Divina Pastora, 2 Baixo. 27004 LUGO
Tfno. 982 812290 – Fax 982 812291
carlosescuderia@gmail.com
www.escuderiamino.com

1.3 OFICIAIS

Vicepresidenta da Escudería	D ^a .Maite Vilanova López	DC-0980-GA
Comisarios deportivos:		
Presidente:	D. Ignacio Dávila Estevez	DC1 ^a -0199-GA
	D. Jesus Fandiño Sanchez	CD 2001 GA
	D. Alvaro Fernandez Gonzalez	CD-0202-GA
Observador da F.G. de A:	D. Santiago González Boullosa	OBS –0030-GA
Director de Carreira:	D. Antonio Pérez Montecelo	DC1 ^a –2003–GA
Comisários Técnicos:		
Presidente:	D. Alberto Fernández Casal	JOC1 ^o -0201-GA
	D. Miguel A. Pino Gonzalez	OC-1667-GA
	D. Ramón Martínez Arjones	OC-0203-GA
Xefes de Treito:		
EQUIPO A	D. Maite Vilanova López	DC1 ^a -0980-GA
EQUIPO B	D. Leandro Gil Portela	JDA1 ^a -0983-GA
Xefes de Seguridade vial treitos:		
EQUIPO A	D. Cándido Carrera Estévez	DC1 ^a -0200-GA
EQUIPO B	D. Israel Arias González	DC1 ^a -0979-GA
Responsable Equipos de Cronometraxe:		
	D. J. Antonio Fernández Barreiro	JOB-2005-GA
Vehículo		
“XEFE SEGURIDADE VIAL”:	D. Luis Vilanova López	JDA-0981-GA
Vehículo “0”		
(DIRECTOR NA ESTRADA):	D. José Luis Lorenzo Flores	DC1 ^a -2000-GA
Vehículo “00” (ESCOBA):	D. José Juan Saavedra Sio	DC1 ^a -2004-GA
Servicio Informático:	FGA	
Médicos da Proba:	TEAM MEDICAL SPORT	
Centros Asistenciais:	POLUSA; NOSA SEÑORA DOS OLLOS GRANDES	
Servicios de Ambulancias:	AMBULANCIAS APOSTOL	
Servicio de Gruas:	GRUAS MANOLO	

En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse no COMPLEMENTO 2. Antes da celebración da proba.

O Vehículo “0” pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo “00” pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licencia DC1^a, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da Proba.

3 – Modalidades xerais

art. 2.- Puntuabilidade

O **38º Rallye San Froilán** é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:

- Campionato de Galicia de Rallyes sobre asfalto (Grupos N, A, X, H, T e G). Coef. 8
- Copa de Galicia de Rallyes para pilotos (Grupos N, A, X, H, T e G).
- Copa de Galicia de Rallyes para navegantes (Grupos N, A, X, H, T e G).
- Copa de Galicia de Rallyes para o grupo N.
- Copa de Galicia de Rallyes para o grupo A.
- Copa de Galicia de Rallyes para o grupo X.
- Copa de Galicia de Rallyes para o grupo G.
- Copa de Galicia de Rallyes para o grupo T.
- Copa de Galicia de Rallyes para o grupo H.
- Copa de Galicia de Rallyes para Escuderías. (Grupos N, A, X, H, T e G).
- Copa de Galicia de Rallyes para marcas de pneumáticos. (Grupos N, e A).
- 7ª Copa Top Ten Pirelli
- 11º Volante FGA Galicia
- 7º Copa Pirelli AMF Motorsport
- 2ª Copa Seguro X Dias
- 5ª Copa ELF Galicia
- 1ª Copa Rallycar RMOParts Historic.
- 2ª Copa Iniciación Recalvi.

E as que designe a FGA

art. 3.- Descrición do Rallye

O **38º Rallye San Froilán** consta dun percorrido de **400,010 Kms.**, dos cales **86,600 Kms.** corresponden a **8 treitos cronometrados** por estradas asfaltadas pechadas ó tráfico; está dividido en 1 Etapa e catro seccións. O Itinerario - Horario figura no Anexo III do presente Regulamento. No carné de Control, e no Libro de Ruta constan detallados o percorrido, Etapas e Seccións así como os controis horarios, controis de paso, neutralizacións e reagrupamentos. O rallye contará con 4 parques de asistencia.

art. 4.- Vehículos admitidos

Nos Rallyes puntuables para o Campionato de Galicia serán admitidos os vehículos seguintes:

- Vehículos Grupo A de acordo co artigo 255 e 255A do Anexo J da FIA.
- Vehículos Grupo N de acordo co artigo 254 do Anexo J da FIA.
- Vehículos S 2000 de acordo co artigo 254A do Anexo J da FIA.
- Vehículos R1, R2, R3C, R3T, R3D, R4, R5 de acordo cos artigos 260 e 260D do anexo J da FIA
- Vehículos do Grupo "X", "G", "T".
- Vehículos dos Grupos Histórico (H) e Tracción Traseira (T).

Os efectos de puntuación, os vehículos admitidos dividiranse nas seguintes clases de cilindrada:

GRUPO N		PROVINTES DE GRUPO "R"	
CLASE 2	Ata 1.600 cm ³	R1A, R1B	De 1.400 cm ³ ata 1.600 cm ³
CLASE 3	De 1.601 cm ³ ata 2.000 cm ³		
CLASE 4	De máis de 2.000 cm ³		

GRUPO A e X		PROVINTES DE GRUPO "R"	
CLASE 9	Ata 1.000 cm ³		
CLASE 10	Ata 1.600 cm ³	R2B	De 1.400 cm ³ ata 1.600 cm ³
CLASE 11	De 1.601 cm ³ ata 2.000 cm ³	R2C, R3C, R3D	De 1.601 cm ³ ata 2.000 cm ³
CLASE 12	De máis de 2.000 cm ³	R3T, R4, R5	

GRUPO G		PROVINTES DE CIRCUITOS	
CLASE 13	Ata 2.500 cm ³	R-GT / GT-SERIES / GT+ / GTRALLYE / N1/ N2/N3/N5 (MAXIRALLY) /N6 (MAXIRALLYGALEGO)	
CLASE 14	De mais de 2.500 cm ³		

GRUPO "H"		PROVINTES DO ANEXO J 1981	
CLASE 15	Ata 1.600 cm ³	Grupo 1,2,3 e 4	
CLASE 16	De mais de 1.600 cm ³	Grupo 1,2,3 e 4	

GRUPO "T"		PROVINTES DOS GRUPOS "N", "A" e "X"	
CLASE 17	Ata 2-000 cm ³		
CLASE 18	De mais de 2.000 cm ³		

A tódolos efectos, considérase constituída unha clase, coa saída dun so vehículo.

art. 5.- Concursantes admitidos

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no anexo I do Anuario Deportivo 2016 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

art. 6.- Solicitud de inscrición - Inscricións

- 6.1.- Toda persoa que desexa participar no 38º Rallye San Froilán deberá remiti-la solicitude de inscrición, debidamente cumprimentada, á secretaría do Rallye, sita en:

ESCUDERIA MIÑO – LUGO , C/ Divina Pastora 2, baixo 27004- LUGO
Tel. 982 81 22 90 - Fax 982 81 22 91 MAIL: carlosescuderia@gmail.com
ANTES DAS 20,00 h. Do DIA 13 DE OUTUBRO DE 2.016

Os datos relativos ó copiloto poden ser completados ata o día 21 de OUTUBRO de 2016.

Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licencia do membro que faga as labores de asistencia.

O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante.

Todo participante que non sinale na folla de inscrición o nome, apelidos, e licencia da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa "non autorización a tomala saída".

- 6.2.- O nº de inscritos fíxase nun máximo de 150 vehículos.

- 6.3.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos **únicamente** mediante ingreso ou transferencia na conta corrente nº **ES16 2080 5152 5030 4003 2558 - ABANCA**

NON SE DEVOLVERÁN OS DEREITOS DE INSCRICIÓN A NINGÚN PARTICIPANTE UNHA VEZ PECHADO O PRAZO DE INSCRIPCIÓN.

- 6.4.- Non se admitiran Inscricións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.
- 6.5.- A orden de recepción da Solicitud de Inscrición, así como dos Dereitos de Inscrición, será o determinante para a inclusión na Lista de Inscritos, a os efectos de determinar os 150 equipos.

NON SE CONSIDERARÁ INSCRITO NINGÚN EQUIPO QUE INCUMPLA TOTAL OU PARCIALMENTE O SINALADO NESTE ARTIGO

art. 7.- Dereitos de Inscrición - Seguros


- 7.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:
 - 7.1.1.- **350,00 €** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.
 - 7.1.2.- **700,00 €** refusando esta publicidade.
- 7.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición.
- 7.3.- Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo. O límite asegurada por sinistro será de 70.000.000 € para danos corporais e de 15.000.000 € para danos materiais.
- 7.4.- Os dereitos de inscrición tan só serán reembolsados ós equipos no caso de que as súas inscricións sexan rexeitadas, ou no caso de que a proba non se celebrara. En ningún outro caso serán devoltos.
- 7.5.- O pago dos dereitos de inscrición supón o coñecemento integro do Regulamento particular da proba e acatamento de todos os seus artigos, disposicións e anexos así como a renuncia expresa a reclamación sobre calquera deles.

4 – Obrigacións xerais

art. 8.- Publicidade

A publicidade proposta polo Organizador será a seguinte:

- A - Obrigatoria: Por determinar. Notificarase mediante complemento
- B - Facultativa. (aletas dianteiras e traseiras) Por determinar. Notificarase mediante complemento



Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reserva-los emplacements seguintes: Aletas dianteiras e traseiras 30 x 20 Cm.

5 – Desenrolo da proba

art. 9.- Recoñecementos

9.1.- Os recoñecementos Oficiais / libres efectuaranse os días 14, 15 e 16 de outubro de 2016, segundo o criterio que terá que establecer o Comité Organizador.

9.2.- Os recoñecementos quedan limitados a un máximo de TRES pasadas por Treito Cronometrado.

9.2.1.- A primeira infracción será penalizada con 5 minutos mais unha sanción económica de 300 Euros, o inicio da Proba, a criterio exclusivo do Colexio de Comisarios Deportivos.

9.2.2.- A segunda infracción se penalizará con "NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA", ratificada polo Colexio de Comisarios Deportivos.

9.2.3.- Por incorrer nunca infracción nos puntos 9.2.1 e 9.2.2 será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación do Expediente Disciplinario no seu caso.

9.3.- Se unha Escudería fai un Treito Cronometrado, na mesma Tempada, non se poderá utiliza-lo mesmo Treito por outra Entidade Organizadora.

9.4.- Só se poderá efectuar os Recoñecementos dos Treitos Cronometrados un día por cada equipo participante, a escoller de entre os tres días designados polo Comité Organizador, e que será solicitado por Fax polo participante ó Comité Organizador para que quede constancia, e así poder dividir 150 participantes nos tres días. Así mesmo, cada equipo terá que notificar ó Comité Organizador, a marca, modelo e matrícula do vehículo que utilizará para os citados recoñecementos.

9.5.- A velocidade máxima nos Treitos a recoñecer, será en función das limitacións /sinais que existan no mesmo.

9.6.- Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Subsectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.

9.7.- O Comité Organizador designará un Comisario / Controlador, que informará e fará parte dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da Proba

9.8.- A Federación Galega de Automobilismo designará outro Comisario / Controlador, cos mesmos poderes e atribucións que o do punto anterior.

9.9.- Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor Branco) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. A falla dela, transitando polo Treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos Dereitos de Inscripción) para a súa participación na proba, do vehículo infractor.

9.10.- Será obrigatorio para os participantes, deterse xunto os controladores de cada treito, para selar o seu carné de recoñecementos. A mesma obrigación terán os equipos que abandonen nun treito, e cando lles sexa requirido o carne de ruta po lo coche escoba. No caso de non facelo darase traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da Proba, que determinarán a sanción a impoñer. Os percorridos sempre se efectuarán no sentido do tramo.

art. 10.- Hora oficial do Rallye

Durante o transcurso do Rallye, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de Automobilismo.

art. 11.- Penalizacións

11.1.- As penalizacións son as previstas no Regulamento -Tipo Xeral de Rallyes da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2016.

11.2.- A saída da segunda etapa será dada de acordo coa lista de inscritos.

Autorízase a entrada por adianto no C.H. de entrada a Parque Pechado de Lugo en tódalas seccións.

art. 12.- Premios e trofeos

Os Premios e Trofeos que se entregarán serán os seguintes :

CLASIFICACIÓN XERAL SCRATCH	
1º	1.600 € e Trofeo
2º	1.150 € e Trofeo
3º	900 € e Trofeo
4º	650 € e Trofeo
5º	500 € e Trofeo
6º	400 € e Trofeo

CLASES (2 a 18)	
1º	240 € e Trofeo
2º	Trofeo
ESCUDERÍAS	
1º	Trofeo

Reparto de premios para coeficiente 8

Entregaranse os seguintes Trofeos: Un trofeo ós 6 primeiros clasificados Xeral Scratch (12), un ó primeiro de cada clase (26) e un á primeira Escudería (1).

O pago dos premios en metálico efectuarase, unicamente, mediante transferencia bancaria que será realizada desde o día 2 de novembro de 2016 ata o día 4 de novembro de 2016. Para elo será de obrigatorio cumprimento cubrir no boletín de inscrición, o apartado previsto para os datos da entidade bancaria e conta de abono dos premios.

art. 13.- Servizo de grúas

15.1.- O servizo de grúa será gratuíto para retirar os vehículos participantes hasta fóra do treito de velocidade (saída ou meta), correndo por conta do participante calquera ampliación do servizo prestado que deberá negociar co responsable da grúa.

15.2.- Só se retirarán os vehículos accidentados ou avariados unha vez rematada a derradeira pasada polo treito de velocidade. No caso de que algún vehículo accidentado ou avariado impida o paso polo treito de velocidade, a criterio do xefe de treito, será retirado pola grúa hasta o lugar mais próximo onde non interrompa o paso, sendo retirado definitivamente ao remate da derradeira pasada.

15.3.- A organización non ten a obriga de dispor dun guindastre con pluma, para realizar o rescate dos vehículos que queden fora da calzada. Así mesmo terá a disposición dos participantes ,o teléfono dalgún guindastre con pluma próximo o treito, por se algún participante o precisase.

art. 14.- Vehículos “ouvreur”

14.1.- Non se autorizarán os vehículos “ouvreur”, por ser tramos que non superan os 12 km., e poder informar da situación do mesmo, en caso de ser necesario, polo xefe de treito.

D^a. Maite Vilanova López, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC-0980-GA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asinado: Director da proba

Entidade: Escudería Miño Lugo
C.I.F.: G-27166677

Asinado: Presidente D. Carlos Iñiguez
Selo do club



**PROGRAMA - HORARIO
DE REUNIONS DO COLEXIO DE
COMISARIOS DEPORTIVOS**

Reunión	Data	Hora	Lugar
1ª	21 de outubro de 2016	15:00	Sala de Reunións dos Comisarios Deportivos. HOTEL LOS OLMOS
2ª	22 de outubro de 2016	23:30	Sala de Reunións dos Comisarios Deportivos HOTEL LOS OLMOS

ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS:

1. Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2016e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa Licenza Autonómica Única, expedidas polas Federaciós Autonómicas de Automobilismo.
2. Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da “Federación Galega de Automobilismo”, a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á “Federación Galega de Automobilismo” para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.
3. Para garantir a responsabilidade a que houbera lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2016, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentraciós, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e outros eventos:
 - A. Para cumprimentalas follas das inscriciós terase que indicalo nome, apelidos, e número da licenza do membro que faga as labores de asistencia.
 - B. O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante.
 - C. Todo participante que non sinale na folia de inscrición o nome, apelidos, e licenza da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas nos Campionatos antes mencionados coa non autorización a tomala saída.
4. Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2016, inclusive, serán considerados “OPEN”.

ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA-ASEMBLEA

Que na reunión extraordinaria da “Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo” adoptáronse os seguintes acordos por unanimidade:

- 1 Ratifícanse no acordo adoptado polos 17 presidentes de Federaciós Autonómicas de automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañá do pasado 12 de Outubro.
- 2 Ratifícanse no acordo de asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., na tarde do 12 de Outubro, sobre o prezo unificado e igual que terá que imperar en tódalas expediciós da “Licencia Autonómica Única” polas 17 Federaciós Autonómicas.
- 3 Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da “Federación Galega de Automobilismo”, adoptou de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2016, sexan considerados “Open”.Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscrición obrigatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licencia federativa expedida por calquera **Federación Autonómica que incumpra o acordo adoptado do prezo unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro no C.S.D.**
- 4 O prezo de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2016, dos titulares de licencias expedidas polas Federaciós Autonómicas que non cumpran o acordo de unificación do prezo de licencias establécese en 190 euros.
- 5 As licencias estatais da veciña Portugal serán válidas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ningún tipo de restrición.
- 6 Dito acordo será incluído no Anexo I do Anuario federativo, da “Federación Galega de Automobilismo” 2016, e será comunicado a tódalas Federación Autonómicas de Automobilismo do Estado español.

7 Con esta medida preténdese evitar e corrixir a competencia desleal do incumprimento que puidera derivarse do acordo de prezos de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo unánime dos presidentes de Federaci3ns Auton3micas e Estatal.

8   tam n de obrigado cumprimento, para a expedici3n de calquera tipo de “Licencia Auton3mica  nica”, a aportaci3n da copia do D.N.I., ou Certificado de Empadramento, que acredite a vecindade civil aos exclusivos efectos da expedici3n de licenza pola Federaci3n Auton3mica correspondente.

9 A Federaci3n Auton3mica que expida licencias a deportistas, oficiais, etc, non residentes no seu territorio ser  obxecto de denuncia, pola “Federaci3n Galega de Automobilismo”, en tutela dos seus intereses e dereitos.

10 Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da “Real Federaci3n Espa ola de Automobilismo”, non ser n expedidas nin admitidas, nin forman parte da regulamentaci3n deportiva da “Federaci3n Galega de Automobilismo”, as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non ser n expedidas, nin poden ser aceptadas para participar en competici3ns oficiais que se celebren en Galicia, posto que, trat ndose de Licencias que otorgan dereitos restrinxidos a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a s a integraci3n plena na “Federaci3n Galega de Automobilismo”, incumpren o disposto na Ley 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia. A mencionada Lei 3/2012 establece no seu  rtigo 28, en canto a expedici3n e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas,  stas otorgar n o seu titular a condici3n de membro da correspondente Federaci3n deportiva galega, que o habilita para participar nas s as actividades deportivas e competici3ns, e acredita a s a integraci3n na Federaci3n deportiva correspondente, con dereito a voto nos procesos electorais da “Federaci3n Galega de Automobilismo”.

As licencias que esta Federaci3n non pode expedir, por aplicaci3n legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na “Federaci3n Galega de Automobilismo”

ANEXO II

LIBRO DE RUTA (ROAD-BOOK) STANDARD - CONDICIONS OBRIGATORIAS

- 1.- O sentido de lectura será de arriba cara abaixo.
- 2.- A unión das follas efectuarase con unha espiral plástica ou metálica que permita una apertura de 360° e sexa resistente a numerosas manipulacións.
- 3.- Ao principio do libro de ruta deberá figurar unha páxina explicativa cos símbolos utilizados (aló menos en dous idiomas en probas internacionais).
- 4.- Indicarase unha referencia para calibrar o conta quilómetros.
- 5.- Na parte superior ou inferior de cada páxina deberá figurar o número da etapa, sección e sector, o tempo impartido, o quilometraxe e eventualmente os controles de paso.
- 6.- Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar.
- 7.- Cada información será numerada e separada da seguinte por unha liña horizontal, volvendo a cero a numeración despois de cada control horario.
- 8.- As informacións moi próximas, é dicir, con distancia inferior a 200 m, non serán separadas entre si.
- 9.- Toda información que non poida ser facilmente identificable dende a estrada deberá aparecer entre parénteses.
- 10.- Para cada control horario, control de paso, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicarse con precisión a localización dos controles.
- 11.- As sinais de tráfico reproducidas deberán corresponder o seu emprazamento exacto sobre la ruta.
- 12.- Os principais paneis de cambio de dirección que existan na ruta, deberán aparecer escuadrados, e si hai un cambio de dirección, coa frecha sinalando a dirección real.
- 13.- A localización dos diferentes controles deberá ser indicada con precisión.
- 14.- Cada sector comezará nunha páxina nova.
- 15.- Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto (por exemplo cun recadro).
- 16.- En cada debuxo, o punto de orixe situarase na parte inferior.
- 17.- Os paneis de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados.
- 18.- Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con un, dous ou tres signos de exclamación.
- 19.- A presentación de cada páxina deberá ser suficientemente ampla.
- 20.- Autorízase un máximo de seis debuxos por páxina.
- 21.- As indicacións deberán ser facilmente lexibles (tendo en conta que poderán ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha).
- 22.- A saída e a meta deberá estar sinalizada con latitude e lonxitude.

SUXERENCIAS:

- 1.- Indica-la velocidade media dos Treitos de Enlace.
 - 2.- Indicar nos treitos cronometrados o mellor tempo realizado en edicións precedentes do Rallye.
 - 3.- Facer figurar os puntos de referencia ben diferenciados (exemplo panel de entrada a un casco urbano).
 - 4.- Sinalar os cambios de piso (de asfalto a terra, de terra a asfalto) por un dobre trazo de liña vertical.
- Tódolos puntos que non se describen, se deixan a liberdade do Organizador.

31º RALLYE SAN FROILÁN	ETAPA:	1ª	DISTANCIA:	53,150 km
	SECCIÓN:	1ª	TEMPO:	1h 10'
	SECTOR:	3	MEDIA:	45,560 km/h
	DE CONTROL:	1.5	A CONTROL:	1.6

Distancia TOTAL	Distancia PARCIAL	DIRECCIÓN A SEGUIR		INFORMACIÓN	Distancia a C.H
43,730	0,200	20			9,420
44,000	0,270	21			9,150
44,550	0,550	22	 DEREITA N-VI	 	8,600
46,100	1,550	23	 N-VI	 	7,050
46,950	0,850	24	 DEIXAR N-VI	CASCO URBANO RÁBADE	6,200
47,250	0,300	25		 POLÍGONO INDUSTRIAL RÁBADE	5,900

ANEXO III

TERMINOLOXIA

Sector de enlace Itinerario comprendido entre dous controles horarios sucesivos.

Sección Conxunto de sectores de enlace comprendidos:

- entre a saída dunha Etapa e o primeiro reagrupamento.
- entre dous reagrupamentos sucesivos.
- entre o último reagrupamento e a chegada dunha etapa do Rallye.

Etapa Cada unha das partes do Rallye separadas por unha parada de polo menos oito horas, ou por unha parada polo menos igual á duración do recorrido efectuado, si este é inferior a sete horas.

Neutralización Tempo durante o cal os equipos son parados pola organización, por calquera razón.

Reagrupamento Detención prevista pola organización para permitir por unha parte a volta ao horario teórico, e por outra parte reagrupar os equipos que quedan en carreira. Os tempos de detención poden ser diferentes para os equipos.

Parque Pechado Zona na que ningunha reparación nin intervención é posible, salvo nos casos expresamente previstos polos Regulamentos dos Campionatos Internacionais e polo Regulamento particular da proba.

Complemento Boletín Oficial que forma parte integrante do regulamento particular da proba e está destinado a modificar, precisar ou completar a este último. Os Complementos son publicados pola organización, ata o día das verificacións. Deben ser sometidos a aprobación pola F.G.A., salvo no que respecta a eventuais modificacións do itinerario. Os Complementos deben estar numerados e fechados. Os Concursantes ou Membros dos equipos deben acusar recibo mediante firma.

Carné de Control Carné destinado a recoller os visados dos diferentes controles establecidos no itinerario. Este Carné debe ter unha páxina por sector. Debe preverse un Carné de control distinto para cada unha das seccións.

Treito cronometrado Proba de velocidade en estrada, pechada ao tráfico normal.

ANEXO IV

ENCARGADO DAS RELACIONS COS CONCURSANTES

MISIONS PRINCIPAIS

Informar a os concursantes e estar con eles en permanente contacto. Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexio de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas.

A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por iso e conveniente:

- 1) Que leve unha identificación rechamante.
- 2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono no Regulamento particular, ou nun Complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESENGROLO DA PROBA

O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do meeting
- A Saída da proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque Pechado cando a chegada do Rallye (na medida das súas posibilidades, dependendo do horario do Rallye).

Función

- Dar a os que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se expoñan.
- Dar todas as informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenvolvemento da proba.

Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións

correctas e solicitudes satisfactorias para evitar as reclamacións (ex. Precisa-las dúbidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O encargado das relacións cos concursantes, abstérase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.



Victoriano González Boullosa
Lic. CD 1*-0029-GA

ANEXO V

1) ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

a) Plan de Seguridade:

Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de localización da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.
- Responsables de Seguridade (en cada treito cronometrado).

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.
- Hospital.
- Coches R
- Servizo Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servizos de grúas.
- Cruz Roxa.

Itinerario completo con detalle dos sectores de enlace.

Planes de seguridade de todos os treitos cronometrados.

b) Xefe de Seguridade Viaria

No Regulamento particular do Rallye nomearase un Xefe de Seguridade Viaria, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade.

Durante o Rallye estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída dos treitos cronometrados (por teléfono ou por radio).

Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido en cada treito cronometrado por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade co Plan de Seguridade.

c) Control

O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

2) SEGURIDAD NOS TREITOS CRONOMETRADOS

a) Servizos de asistencia

Na saída de cada treito cronometrado:

- 1 Coche R
- 1 médico (preferentemente reanimador).
- 2 ambulancias equipadaa.
- 1 equipo de socorristas.
- 2 grúas.
- 1 servizo de bombeiros.

Nun punto intermedio para as probas de máis de 12 km.:

- 1 médico.
- 1 ambulancia equipadaa.
- 1 equipo de socorristas.

De acordo co perigo, estes mínimos incrementaranse :

- récord do treito entre 100 e 110 km/h, o dobre do mínimo de ambulancias.
- récord do treito superior a 110 km/h, o dobre do mínimo de ambulancias máis un médico reanimador.

Caso de non dispoñer do récord do treito, a Organización deberá dispoñer os medios para cubrir calquera posible emerxencia. Así mesmo deberá funcionar un sistema de comunicación de forma que a Organización poida informarse con rapidez e actuar con eficacia ante calquera posible incidente ou accidente.

Polo xefe de Treito, poderase negar a saída a o equipo que non teña correctamente postos o casco e toda a roupa ignífuga precisa para poder disputar o tramo, así como outras medidas de seguridade como arneses, eta. E dando traslado o Colexio de Comisarios Deportivos do feito, para que tomen a decisión oportuna con dito equipo.

b) Medidas preventivas

Sinalización:

As estradas e camiños de acceso aos treitos cronometrados deberán estar pechados á circulación.

Intervención:

Sobre o percorrido estableceranse postos de Comisarios con obxecto de:

- Facer respectar os lugares prohibidos aos espectadores, coa axuda de carteis, cintas, pitos e altosfalantes.
- Sempre que sexa posible, advertir aos equipos por medio de bandeiras amarelas.

Información:

Unha información destinada principalmente ao público realizarase por distintos medios:

- Periódicos, revistas, radio e televisión.
- Taboleiros con avisos.
- Distribución de folletos.
- Paso polo percorrido dun vehículo equipado con altosfalantes que permitan informar ao público (de 45 minutos a 1 hora antes da saída do 1er. vehículo).

c) Vixilancia

Os vehículos da Organización (vehículos de seguridade) deberán levar un cartel de 36 cm. x 50 cm. sobre o capó dianteiro e sobre as dúas portas dianteiras, no que apareza a palabra SEGURIDADE cun número 0 (Peche dos Treitos) ou 00 (Apertura dos Treitos).

O vehículo escoba de fin de Rallye deberá levar un cartel das mesmas dimensións sobre o que figurará unha bandeira a cadros ou no seu defecto, levar una bandeira a cadros. Como mínimo haberá dous vehículos de seguridade dos que, polo menos, un será conducido por un piloto con gran experiencia en Rallyes, o que, poderá dar toda a información que sexa precisa e si e necesario, avisar ao Director de Carreira de calquera incidente. Unha rede de radio (con unha implantación polo menos cada 3 Km.), específica para cada treito cronometrado, permitirá o seguimento dos vehículos e a vixilancia do desenrolo do Rallye.

d) Evacuación

Debe preverse un itinerario de evacuación para cada treito cronometrado.

Os servizos de urxencia dos hospitais deben estar en estado de alerta.

3) SEGURIDADE NOS SECTORES DE ENLACE

O itinerario-horario deberá ter en conta as dificultades de circulación e a travesía de poboacións e cidades.

O condutor e o copiloto deberán levar:

- casco homologado en tódolos treitos cronometrados.
- roupa ignífuga homologada.
- cinto de seguridade en todo o percorrido da proba.

ANEXO VI

PARQUES PECHADOS E DE TRABALLO (ASISTENCIAS).

- 1.- Será o lugar previsto no Regulamento Particular, ó que o Concurante estará obrigado a conducir o seu/s vehículo/s
- 2.- No interior do Parque Pechado, onde non poderán entrar máis que ós Oficiais da proba e os destinados á vixilancia,
Quedará prohibida calquera comprobación ou reparación, salvo se o autorizaran os Comisarios Deportivos o Técnicos.
- 3.- O Regulamento Particular da proba precisará o lugar no que se instalará o Parque Pechado e os lugares dos Parques de Traballo, (con marcaxe obrigatorio das rodas) así como a hora límite de entrada.
- 4.- O Parque Pechado, e os Parques de Traballo contarán cas dimensións adecuadas e estarán correctamente valados para que nel non poidan acceder persoas non autorizadas.
- 5.- Os Parques Pechados e os de Traballo serán controlados por oficiais colexiados designados polo Organizador, que serán os responsables do seu bo funcionamento.

6. Parques de Traballo

- 6.1 Os organizadores terán que designar obrigatoriamente parques de traballo, nos seus regulamentos particulares, e terán que prohibir tódalas asistencia nos inter treitos. Os organizadores tomarán as medidas necesarias que controlen especialmente este punto.
- 6.2. A hora límite de entrada o P.T. dos vehículos autorizados será as 23:00 horas do venres día 21 de outubro de 2016; quedando ó criterio dos organizadores o poder modificar dita hora límite.
- 6.3. Os P.T. deben estar emprazados en espazos asfaltados, e suficientemente amplos para garantir a seguridade dos equipos e do público, debendo dispor dun espazo adecuado para cada vehículo. Recoméndase prever a circulación en carrís dun só sentido, nos que recoméndase que esté limitado ou controlado o paso do público, tamén o tránsito do público non poderá interferir na cronometraxe nos controis de entrada e saída do parque.
- 6.4. Os P.T. deberán estar indicados no itinerario-horario do rallye cun C.H. de entrada e outro C.H. de saída (as distancias de 25 m na sinalización de controis, quedan reducidas a 5 m como mínimo).
- 6.5. Se o Organizador prevé un Reagrupamento e un P.T. seguidos, o orde deberá ser: 1º o Reagrupamento e 2º o P.T.
- 6.6. Os P.T. deberán dispor dos sistemas de extinción adecuados. Debendo ter un mínimo de 3 extintores no parque e un vehículo contra incendios, si se realizase nun recinto feiral, servirá co sistema contra incendios instalado no recinto e a organización debe dispor dunha copia do plan de actuación de dito recinto feiral.
- 6.7. Nos P.T. deberán prever obrigatoriamente servizos de WC. e contedores suficientes para o lixo que xeneren os equipos. Así mesmo serán válidos os servizos dun Centro Comercial ou cafetería próximos o P.T., non estando este excesivamente lonxe do parque.
- 6.8. Os P.T. deberán establecerse de acordo cos seguintes criterios:
 - a) Nº de Treitos Cronometrados entre P.T. serán como mínimo 1 e un máximo 3
 - b) Serán un número máximo de 6, o 1º terá unha duración de 10 minutos antes do 1º treito cronometrado , e o resto terán as seguintes duracións (2º PT 40 minutos, 3º PT 120 minutos, 4º PT 45 minutos.. Os neumáticos só se poderán cambiar nos parques de traballo exclusivamente, agás do parque de asistencia de chegada do rallye.
 - c) O emprazamento dos P.T. debe ser único, salvo autorización expresa da F.G.A.
 - d) Entre os parques de asistencia onde existan treitos cronometrados non se poderán superar os 150 km. de percorrido total.
- 6.9. A velocidade máxima dos vehículos que circulen polo P.T. nunca será superior a 30km/h podendo ser controlada e sancionada. quedando tamén prohibido calquera tipo de manobra que non sexa a propia da circulación normal. O incumprimento deste apartado poderá ser motivo de exclusión da proba a criterio dos Comisarios Deportivos.
- 6.10. O espazo para asistencia por participante deixase a criterio do Organizador en función do tamaño do P.T.
- 6.11. O Organizador deberá coordinar cos responsables dunha Copa de promoción. a ubicación no P.T. dos vehículos participantes nas mesmas.

6.12. Recomendase o Organizador elaborar un plano de ubicación do P.T., así como o lugar asignado a cada vehículo. Para elo os equipos deberán indicar se comparten asistencia e deberán ser comprobado este dato durante as verificacións administrativas.

6.13. Os equipos deberán deixar o lugar onde realizaron a asistencia nas mesmas condicións encontradas súa chegada, depositando o lixo e os materiais inservibles nos contedores ubicados no propio P.T.

6.14. Vehículos admitidos nun Parque de Traballo

a) Soamente un ou dous vehículos de Asistencia, como máximo e a criterio da organización, por vehículo inscrito poden actuar en cada P.T. Estes vehículos deben estar claramente identificados por placas de "Asistencia" entregadas polo Organizador e colocadas nun lugar visible indo obrigatoriamente pegadas para poder acceder o P.T. .Recomendase que as placas teñan os dorsais dos equipos participantes. Se varios equipos comparten asistencia entregárase como máximo dúas placas a ese grupo de equipos.

b) Será de obrigatorio cumprimento , a identificación en todo momento do/s vehículo/s de asistencia, matrícula, responsable, etc. A notificación á organización será prevista na folla de inscrición, tendo como prazo límite o venres nas verificacións administrativas. No caso de non confirmar da totalidade do espazo necesario a organización exímese de responsabilidade, contando só co espazo necesario para un vehículo de asistencia por participante poderase negar a entrada a calquera coche que non este completamente identificado.

c) Durante o desenrolo da proba, non poderán entrar nin saír do P.T. estes vehículos, soamente poderán entrar e saír se o organizador preveu un aceso independente para as asistencias, ou no paro do mediodía. A entrada dun vehículo e asistencia no PT habendo saído con anterioridade, no transcurso da proba (agás no parón do mediodía), poderá levar consigo a non autorización da entrada de novo PT. da mesma maneira, tomarase nota de cada vehículo non inscrito que permaneza no PT.

Quedarán completamente prohibida a entrada de calquera vehículo que non sexan os participantes dentro do tempo de parque de asistencia.

d) A F.G.A. terá dereito a un máximo de DOUS vehículos para actuar no P.T. sempre que este convocada al menos unha Copa de promoción para dar servizo os equipos inscritos nestas copas. Deberase prever un espazo de 10 x 10 metros para montar una oficina de atención os equipos inscritos nas citadas Copas de promoción.

e) As dúas placas de Asistencia autorizadas serán gratuítas. As demais placas que solicite un Concurante, de acordo ca regulamentación antes citada, o Organizador poderá establecer un prezo máximo de 150 euros por placa. **Se varios equipos comparten asistencia entregárase como máximo dúas placas a ese grupo de equipos.**

7.- Repostaxes (Refuelling)

As repostaxes teranse que facer nos parques de traballo, e nas estacións de servizo, ubicadas no percorrido do rallye, e terán que estar indicadas no libro de ruta (Road Book).

7.1. No parque de traballo no momento da repostaxe deberase cumprir as seguintes condicións:

- Afastar os fumadores.
- Repostar o vehículo co motor parado.
- Se os membros do equipo están no interior do vehículo, deberán ter os cinturóns de seguridade desabrochados.

- Excepto nos vehículos que teñen prevista unha toma de presión para a repostaxe, este deberá levarse a cabo por gravidade o bombas manuais, para o que recomendase a utilización de bidóns de repostaxe según normas FIA provistos de acoplamentos estancos y respiradeiros. En calquera caso, a capacidade dos bidóns de repostaxe queda limitada a 25 litros. Se o bidón está elevado por encima do chan, en ningún caso o nivel de reserva de carburante. No bidón poderá estar a unha altura superior a 3 metros durante tódala operación.

7.2. Nas estacións de servizo, so está autorizado repostar directamente dos surtidores comerciais nas seguintes condicións:

- A única operación autorizada é o repostaxe de combustible.
- A repostaxe terase que realizar sen ningunha axuda exterior, agás dos empregados da propia estación de servizo.

8 Neumáticos.

8.1. Os neumáticos a empregar deben estar de acordo ca regulamentación F.I.A. para rallyes, estando expresamente prohibidos os neumáticos "slicks", "slicks raiados" y los neumáticos con "mousse". Os vehículos de categoría GT autorízaseles a montaxe de neumáticos Michelin PR-20, de dimensións 27-65-18", raiados polo fabricante.

8.2. Están autorizados un máximo de 5 neumáticos por vehículo entre Parques de Traballo.

8.3. A saída dun P.T. marcaranse tódolos neumáticos colocados no vehículo (incluso o de reposto). A chegada do próximo P.T., o vehículo deberá levar unicamente os neumáticos marcados no P.T. anterior.

8.4. Para facilitar a marcaxe dos neumáticos, deberase dispor un espazo acotado inmediatamente despois do C.H. de saída do parque de Traballo, ver croques explicativo de montaxe Nº1. Ca única finalidade de axudar

o procedemento de marcaxe, un membro do equipo poderá ter acceso a este espazo. Para esta operación a Organización está obrigada a dar un suplemento de 5 minutos extra no sector de que se trate, e así mesmo indicalo no Itinerario Horario da proba.

8.5. O tallado dos neumáticos esta autorizado exclusivamente nos P.T.

8.6. Os cambios de neumáticos realizaranse unicamente nos P.T. fora dos mesmos, soamente os membros do equipo poderán realízalos cos medios de a bordo pero respectando sempre o disposto no apartado 8.2.

8.7. Entre o último parque de traballo e a chegada do rallye, os neumáticos a utilizar son libres (respectando o resto de normativa do presente artigo).

8.8. Está autorizado o uso de quentadores de neumáticos, soamente dentro dos P.T.

8.9. Nas Copas de promoción, o modelo e número total de neumáticos a empregar será o que estipulen nos regulamentos particulares das mesmas, non podendo superar o número máximo establecido no presente artigo.

8.10. O procedemento da marcaxe das rodas:

- Marcaranse a llantas cas pegatinas en PVC troqueladas segundo normativa FIA
- Poderase marcar os neumáticos con rotuladores de diferentes cores.
- Recomendase un mínimo de tres comisarios para realizar a marcaxe.




8.11. Se na saída dun P.T. se atopase un neumático non conforme, este deberase substituír por outro. O neumático non conforme considerarase nulo e quedara en poder dos Comisarios Técnicos. O tempo concedido para o Sector do que se trate, non poderá ser ampliado.


8.12. O control da marcaxe dos neumáticos realizarase entre o Control Horario precedente o treito Cronometrado e a saída de dito Treito, ver croques explicativo de montaxe Nº2, tamén nos C.H. de entrada os P.T. poderase realizar unha comprobación da marcaxe.

8.13. Toda infracción concernente a normativa dos neumáticos, comprobada polos Oficiais da proba, entrañará una penalización, podendo chegar a exclusión da proba.

CROQUIS EXPLICATIVO Nº1 MARCAXE DE NEUMÁTICOS



Croquis Explicativo nº2 Montaxe Saída e Control Marcaxe Neumáticos



ANEXO VII

CARAVANA

CARAVANA RALLYES:

En tódolos Rallyes a celebrar en Galicia a Caravana de Vehículos Oficiais queda da seguinte maneira:

Xefe de Seguridade do Treito: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discurrirá polo treito antes da hora de peche, para acometer o peche e certificar ó Xefe de Seguridade Viaria a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.

Megafonía: Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 60 minutos antes da saída do 1º participante.

Observador Federación: Sairá diante do Xefe de Seguridade Viaria para comprobar o peche e os medios.

Xefe de Seguridade Viaria: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discurrirá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo está en perfecto orden para o inicio do mesmo.

Director de Carreira en Estrada, Vehículo "0": Despois de ser informado polo Xefe de Seguridade Viaria do Rallye dará a orden oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Viaria, e de seguido sairá ó mesmo para comprobar as medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Aficionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarruas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do treito e comprobar as medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

Vehículos participantes: Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito.

Coche R: Vehículo equipado con materiais para asistencia médica in situ no que irá un médico

Xefe de Seguridade Treito: Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina do rallye, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarceracións, desordenes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenrolo do treito.

Advertencia: Ningún vehículo de competición poderá exercer as funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilízalos, a partir da tempada 2010 inclusive, así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana do rallye terá que ter licencia de oficial OA para facelo seu cometido.

Comisarios Deportivos / Comisarios Técnicos: En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Comisarios Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA-OA1ª ou GA-OC1ª, obrigatoriamente.

Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, e a tenor do estudo das follas de cor amarelo, emitírase unha acta-informe que grapada coas follas, serán entregadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente datada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibí da entrega na copia.

ANEXO VIII PALMARÉS

Año	Equipo	Vehículo	Año	Equipo	Vehículo
1978	OANES – VAZQUEZ ARROJO – LÓPEZ CAO – VAZQUEZ	ALPINE 1600 SEAT FU-1800 SEAT FU-1800	1998	CLIMENT – MUÑOZ AZCONA – VITTORINI VALLEJO - VALLEJO	RENAUL MAXI MEGANE CITROEN SAXO KIT CAR CITROEN SAXO KIT CAR
1979	GONZALEZ – LÓPEZ MARTINEZ – BARTHE PIÑEIRO – BRUN	SEAT FU-1800 ALPINE 1800 SEAT FU-1800	1999	CASTRILLON – CASTRILLON GARRIDO – ALVAREZ GARCIA – GARCIA	MITSUBHISHI LANCER EVO IV MITSUBHISHI LANCER EVO V SEAT IBIZA CUPRA
1980	CLEHERC II – VAZQUEZ “CHARLY” – PEREZ GONZALEZ – GARCIA	PORSCHE 911 PORSCHE 911 SEAT FU-1800	2000	CASTRILLON – CASTRILLON VALLEJO – VALLEJO SENRA - SUAREZ	MITSUBHISHI LANCER EVO VI FIAT PUNTO KIT CAR PEUGEOT 306 KIT CAR
1982	MARTINEZ – BARTHE PIÑEIRO – GARCIA CLEHERC – MARQUIÑA	PORSCHE 911 PORSCHE 911 PORSCHE 911	2001	CASTRILLON - CASTRILLON BLACH - LAGE BURGO - BURGO	MITSUBHISHI LANCER EVO VI MITSUBHISHI LANCER EVO VI CITROEN SAXO 1.6 16v
1983	FERNANDEZ – SALA VILANOVA – ANLLO MORA – REGUEIRO	PORSCHE 911 PORSCHE 911 RENAULT 5 ALPINE	2002	CASTRILLON - CASTRILLON BLACH - LAGE CAGIAO - PONCE	MITSUBHISHI LANCER EVO VI MITSUBHISHI LANCER EVO VI FORD SIERRA COSWORTH
1984	FERNANDEZ – SALA LAMBERTI – RODRIGUEZ BARRIO – VAZQUEZ	PORSCHE 911 OPEL ASCONA 400 SEAT FU-2000	2003	CASTRILLON - CASTRILLON “BAMARTI” - CAMPOS VALLEJO - CARBALLO	MITSUBHISHI CARISMA EVO VI MITSUBHISHI LANCER EVO VI FIAT PUNTO RALLYE KC
1985	SERVIA – SABATER FERNANDEZ – OROZCO ORTIZ – MINGUEZ	LANCIA RALLYE 037 OPEL MANTA 400 RENAULT 5 TURBO	2004	BURGO – BURGO DOCE – DE LA FUENTE GARCIA - GARCIA	MITSUBHISHI LANCER EVO VIII MITSUBHISHI LANCER EVO VI MITSUBHISHI LANCER EVO VI
1986	SERVIA – SABATER ZANINI – AUTET FERNANDEZ – OROZCO	LANCIA RALLYE 037 FORD RS 2000 OPEL MANTA 400	2005	BURGO – BURGO “BAMARTI” – CAMPOS VALLEJO - VALLEJO	MITSUBHISHI LANCER EVO VIII PEUGEOT 306 KIT CAR FIAT PUNTO S1600
1987	SAINZ – BOTO BARRERAS – MOYA FERNANDEZ – SALA	FORD SIERRA COSWORTH RENAULT 11 TURBO OPEL KADETT GSI	2006	BURGO – BURGO VALLEJO – VALLEJO VILARIÑO – LÓPEZ	MITSUBHISHI LANCER EVO VIII PORSCHE 911 GT3 RENAULT CLIO S1600
1988	SERVIA – SABATER BASSAS – RODRIGUEZ FONCUEVA – BELZUNCES	LANCIA DELTA INTEGRALE BMW M-3 RENAULT 5 GT TURBO	2007	“BAMARTI” – CAMPOS MENDEZ – GONZALEZ REY – AMENEIRO	PEUGEOT 306 KIT CAR MITSUBHISHI LANCER EVO VIII CITROEN C2 - GT
1989	ALONSO – BELZUNCES CASTRILLON – CASTRILLON PIÑEIRO – OROZCO	FORD SIERRA COSWORTH RENAULT 5 GT TURBO FORD SIERRA COSWORTH	2008	BURGO – BURGO VALLEJO – VALLEJO REY - AMENEIRO	MITSUBHISHI LANCER EVO VIII MITSUBHISHI LANCER EVO VIII MITSUBHISHI LANCER EVO IX
1990	CASTRILLON – CASTRILLON VILLANUEVA – ALONSO RIAL – PAZOS	FORD SIERRA COSWORTH BMW M-3 CITROEN AX SPORT	2009	BURGO-BURGO PONS-HARO VALLEJO-VALLEJO	MITSUBHISHI LANCER EVO VIII MITSUBHISHI LANCER EVO X MITSUBHISHI LANCER EVO X
1991	CARLOS – RODRIGUEZ RIAL – PAZOS MENDEZ – GONZALEZ	MERCEDES 190 2.3 16v CITROEN AX SPORT FORD SIERRA COSWORTH	2010	VALLEJO – LÓPEZ ARES – PINTOR “BAMARTI” – CAMPOS	SKODA OCTAVIA WRC MITSUBHISHI LANCER EVO VIII PEUGEOT 306 KIT MAXI
1992	AVERO – GHUENIM PONCE – DENIZ CLIMENT – MUÑOZ	MITSUBHISHI GALANT VR4 BMW M-3 OPEL CORSA GSI	2011	BURGO – BURGO VALLEJO – VALLEJO ARES - PINTOR	FORD FOCUS WRC PORSCHE 911 GT 3 MITSUBISHI LANCER EVO VIII
1993	BARDOLET – MUNTADA CASTRILLON – CASTRILLON ALONSO – BELZUNCES	OPEL ASTRA GSI FORD ESCORT COSWORTH FORD ESCORT COSWORTH	2012	IGLESIAS – NÚÑEZ BURGO – BURGO VILARIÑO - LÓPEZ	MITSUBISHI LANCER EVO X FORD FOCUS RS 05 MITSUBISHI LANCER EVO X
1994	GOMEZ – MARTI CLIMENT – MUÑOZ CASTRILLON – CASTRILLON	RENAULT CLIO WILLIAMS OPEL ASTRA GSI FORD ESCORTH COSWORTH	2013	VALLEJO – VALLEJO ARES – BAÑOBRE VILARIÑO - LÓPEZ	PORSCHE 911 GT3 RALLYE PORSCHE P11 GT3 CUP MITSUBISHI LANCER EVO X
1995	PURAS – DEL BARRIO MARTINEZ CONDE – ALONSO CASTRILLON – CASTRILLON	CITROEN ZX 16 v RENAULT CLIO WILLIAMS FORD ESCORT COSWORTH	2014	ARES - BAÑOBRE DÍAZ - FERNÁNDEZ BURGO - BURGO	PORSCHE 911 GT3 MITSUBISHI LANCER EVO X PORSCHE 911 GT3
1996	CLIMENT – MUÑOZ ALONSO – BELZUNCES MARTINEZ CONDE – LÓPEZ	CITROEN ZX 16v FORD ESCORT RS 2000 RENAULT CLIO WILLIAMS	2015	ARES - BAÑOBRE PAIS - PAIS DÍAZ - LAMAS	PORSCHE 997 GT3 2010 MITSUBISHI LANCER EVO X PORSCHE 911 GT3
1997	ALONSO – BELZUNCES VALLEJO – VALLEJO GARRIDO – ALVAREZ	FORD ESCORT RS 2000 CITROEN SAXO 16V VTI SUBARU IMPREZA	2016		

ANEXO X

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DOS EQUIPOS MÉDICOS DURANTE AS PROBAS DEPORTIVAS AUTOMOBILÍSTICAS NA MODALIDADE DE RALLYE, AUTORIZADAS POLA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO.

Co fin de mellorar a resposta no suposto de intervención dos equipos médicos durante a proba deportiva, determinouse o seguinte protocolo de actuación que será de obrigado cumprimento. O incumprimento do citado protocolo dará lugar á sanción que a Federación Galega de Automobilismo considere oportuna.

1. No suposto de producirse un accidente:
 - 1.1. Sendo coñecedor o director da proba que existen lesionados, dará orde de saída ao coche R, que será acompañado polo xefe de seguridade de treito. Unha vez os lesionados sexan valorados polo MÉDICO, este comunicará ao director da proba a necesidade ou non de evacuación dos feridos, solicitando a saída da UVI Móbil ou da Ambulancia de SVB en función da patoloxía que presente o lesionado. (O coche R, está equipado de materiais necesarios para realizar a asistencia médica in situ ata a chegada da ambulancia para proceder á evacuación do ferido se fose necesario).
 - 1.2. Se se descoñece a existencia de lesionados, o director de carreira procederá da mesma forma que no punto anterior.
 - 1.3. Sendo o director de carreira coñecedor de non existir lesionados, actuará como estime oportuno.
2. A finalización do treito cronometrado actuarase da seguinte forma:

Tras un minuto da saída do último participante, darase orde de saída (Dirección de Carreira (0) ou XEFE de Treito) ao coche R, que realizará a pasada ao treito, se este se encontra con algún participante que ten detido o seu vehículo no treito e Dirección de Carreira (0) non ten constancia deste, o coche R preguntará se vai continuar ou pola contra abandona, a información dada polo deportista será comunicada de forma inmediata a DIRECCION de CARREIRA.


a) O deportista manifesta que abandona: O Coche R continuará ata meta.

Detectouse en varias ocasións que o coche vasoira (00) saíu ao treito minutos despois da saída do último participante. Nestas circunstancias pode darse o caso de que, algún dos vehículos que tomou a saída previamente e que se tivese visto a deterse no treito, decidise continuar a competición nas condicións que o regulamento da Federación Galega de Automobilismo observa, orixinando un grave perigo de seguridade xa que no suposto de accidente de calquera participante no treito, o vehículo R se encontraría con que, no traxecto xa percorrido polo coche vasoira (00), queda aberta a circulación ao tráfico, podendo encontrarse a contratrito vehículos particulares do público da proba ou residentes, no momento en que circula a velocidade polo treito en dirección á asistencia, circunstancia que, a data de hoxe xa aconteceu en máis dunha ocasión, xerando risco innecesario para os tripulantes do vehículo R e os vehículos que circulan en sentido contrario, confiados en que a vía xa é segura. Esta circunstancia vai totalmente en contra da filosofía de Team Medical Sport e da Federación Galega de Automobilismo.

No caso de que o coche R se encontrase ao longo do treito cronometrado cun accidente, podería requirir o Xefe de Treito, Director da Proba e Xefe de Seguridade o envío dunha ambulancia para completar a asistencia aos feridos, circunstancia na que o vehículo sanitario debería de chegar o máis rapidamente posible sen poñer en risco a terceiros. O coche vasoira (00) pode percorrer o treito perfectamente tras a chegada dos vehículos de asistencia, xa que non se trata dun vehículo de emerxencia, aínda que forme parte da caravana de seguridade.



C/ Divina Pastora 2
27004- LUGO
Tel. 982 81 22 90
Fax 982 81 22 91



Boletín de inscripción - 38º Rallye San Froilán

	CONCURSANTE	CONDUCTOR	NAVEGANTE	ASISTENCIA
NOME				
APELIDO 1º				
APELIDO 2º				
N.I.F.				
ENDEREZO				
LOCALIDADE				
C.P.				
PROVINCIA				
TFNO. FIXO/MOBIL				
LICENZA	EC - -GA	E - -GA	NV - -GA	AS- -GA

MARCA	MODELO	MATRICULA	C.C.	GR.	CLASE

O Concurante declara baixo a súa responsabilidade, que o vehículo debe quedar clasificado no Grupo e na Clase sinalados anteriormente.

TROFEO OU COPA DE PROMOCIÓN

RECOÑECEMENTOS				
Solicito efectuar os recoñecementos :	Ven. 14/10/2016	☐ Sáb.15/10/2016	☐ Dom. 16/10/2016	☐
Co seguinte coche:	Marca	Modelo	Matrícula	Cor

Os horarios para recoller a documentación será de 8:30 a 13:00 dos días indicados anteriormente na Escudería Miño-Lugo

PAGO DE INSCRIPCIÓN	
Ingreso na conta:	ES16 2080 5152 5030 4003 2558
Importe da inscrición:	350,00 ☐ Sí acepta a publicidade facultativa
	700,00 ☐ No acepta a publicidade facultativa

CONTA BANCARIA PARA COBRO DE PREMIOS					
ES					

Para o cobro dos premios será imprescindible aportar o nº de conta na presente folla de inscrición. O feito de non cumplimentar estes datos indica que se renuncia aos premios en metálico.

O Concurante solicita a súa inscrición para participar no 38º Rallye San Froilán, declarando coñecer o Regulamento da proba, ao cal se somete e acepta sen ningunha reserva, tanto para si mesmo coma polos seus conductores.

Asinado: O concursante

En, a de de 2016